

ESCOLMA (INCOMPLETA) DE POESÍA GALEGA ACTUAL

María Xosé Queizán. *Metáfora da metáfora*. 1991

A amante nunca ten dentes postizos
graus no nariz
pelos nas coxas
gorduras nos cadrís.
Á amante nunca lle inchan os ollos ao dormir.
O poeta ama a perfección
non te ama a ti.
Es idealización
mito metáfora da metáfora.
De non seres perfecta,
¿como te amarían?

Xohana Torres. *Tempo de ría*. 1992

PENÉLOPE
DECLARA o oráculo:
«QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.
QUE ramos de loureiro erguen rapazas.
QUE cor malva se decide o acio.
QUE acadas disas patrias a vindima.
QUE amaine o vento, beberás o viño.
QUE sereas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons.”
Así falou Penélope:
“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.»

Manuel Rivas. *Costa da Morte blues*. 1994

“Red rose, Proud rose, Sad rose”.
Coñecín algúns homes que levaron a bandeira vermella cando era pecado e fermosa
como baga de aceviro.
Eu mesmo tiveron unha nas mans,
unha bandeira vermella,
cando era pecado e formosa
como o bico dunha cegoña.
Oín dicir que hai homes en Calcuta e Soweto que aínda levan bandeiras vermellas,
fermosas como camelias nos dentes.
Pero eu hoxe non quería falarvos

da orgullosa, vermella e triste bandeira
que quentou as mans dos que estaban debaixo, pecado e fermosa como lapa do carbón.
Só quería falar
da baga do aceviro,
do bico da cegoña,
da camelia entre os dentes,
da lapa do carbón,
e da orgullosa, vermella e triste rosa de Yeats

Lois Pereiro. *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995.* 1995

“Os erros cometidos”
Os erros cometidos na vida
a contrafío
leváronme a perder unha vez máis
definitivamente e sen pesar
todo o que tiña dado por perdido.
Metástase invasiva
ou obsesión daquel amor
talvez mal entendido
non foi a covardia ou o egoísmo
o móbil que alentou a miña idea
de convocar en min este desastre
que derruíu comigo o mal causado.
E intento demorar o erro definitivo
nun lento naufraxio
xa vivido
porque esta fatigada ruína namorada
prepárase a sufrir outros distintos
asumindo a caída xa pactada
precipitándose neses inofensivos
erros desexados
obviando o remuíño que me leva
nas espirais da nada.

Pilar Pallarés. *Libro das devoracións.* 1996

ás veces fica só unha estatua quebrada
na que o tempo acumula rosas da humidade
e unha flora imprecisa de estacións neboentas
non tentar recompor a liña do sorriso
non lle buscar nos ombros un calor que fuxiu
deixar que a noite cegue a súa fronte branca
tan tersa na vellez, tan preservada aínda
que as larvas e as formigas devoren
os seus ollos e o que onte viviu,
caía en olvido.

Xela Arias

Darío a diario. 1996

Tódoos bebés son *tu* e ningún coma ti.
Tódoos nenos son *tu* e ningún coma ti.

Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos mozos son *tu* en ningún coma ti.
Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Tódalas nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

Intempériome. 2003

E se as leitugas e mailas pescadas poboasen os poemas,
se o fío de costura e mailos malditos calcetíns
se enganchasen ós versos...
Mais pétame e teño tratos coa fregona
como nunca falarei dos piares das plataformas.
Tampouco seguramente do torno do dentista
nin, pode, do débito no banco.
E aínda é probable que as raíces dos meus xenes
relacionen antes burato con sete que sete con semana.
(E mais arrolo a miña sida.)
Compárteme amor cada pedazo de min comigo como contigo veño a te compartir.
Que é bo ter medo.

Luísa Villalta

Ruído, 1995

Estou como escrita, amor, no fondo dos versos fluídos
que afastados nacen nos astros para chegar a ti, ao sangue,
a saliva, o seme, para brotar nas horas en que non nos vemos,
e facer espicas baixo as rosas aínda non nacidas.
Dor, amor, dor de ti, do que xa se dixo, do que todos
os humanos damos en ser cando non somos nada
cando o riso se enguedella no fondo do ventre
e quere anoar-se, temperán, á soga da mandrágora.
Que estás e non estás, esa cualidade divina de existires
está escrita en min que estou escrita no pasado, en versos
de recoecemento, de traxedia feita carne, ditirambo, coro,
convocando-te para poder sobrevivir ao destino de non ver-te.

Abrir a boca en ti, onde as estrelas
configuran a constelación dos nosos nomes,
abrandar a vontade que nos puxa
implacabelmente para os extremos opostos
con esa forza de non sermos nen eu ti nen ti eu,
cortar a fita para inaugurar o tempo
no que nos miramos o ollo no ollo multiplicado
como o río aquel, o suor, o beixo continuado
balizado por latexos que se escapan,
e palabras atadas que nos fican dentro,
para fabricar o xesto de buscar-nos
por debaixo das sombras e os vestidos.
Abrir a boca á escuridade para encontrar o día.

Para amar-nos fuximos, amor, do amor
inventado por autores de óperas e comedias,
nun libreto anónimo improvisado
no que xa figuran os diálogos que nys sabemos
porque os escribemos no tempo silencioso da invernía
cando o verme preparaba a súa forma borboleta ou a flor
era seme aínda na mandrágora, ou o río nube
ou a nube alento abrasado no deserto.
Furtamos os ollos do público, como eva a súa mazá,
para mordé-los ao noso pracer, sen esperar aplauso.

Chus Pato. *A ponte das poldras.* 1996

escrita
(cando a fala era creación)
creación das avoas
das trinta xeracións de nais que me precederon
e falaron en galego
das trinta ou máis xeracións de nais que me precederon
e falaron nunha lingua extinta da que conservo ecos na memoria
e daquelas outras, sen nome, erguendo a fala entre os seus cabelos
Antas
Avoas de meu-Nosas
construídoas Túmulo grande laxo da Vida, da
Morte no idioma
Igual que todas as mulleres que me precederon e que encerraron
o seu canto nas vendimas ou nas segas, nas luminiscentes e se-
gadoras senras -como cobra
saltarica, como cobra- eu, a primei- ra entre todas elas que non sei cavar, nin segar, nin vendimar,
quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística: ESCRITA

Carlos Negro. *Far west.* 2001

maría ten alma peitos e trezade apache
e sete fillos e un home e a casa e o agro
maría xoga a vida coas cartas marcadas
un mandil de ferro varices azuis
a tele rosa
(femíneos destinos)
maría son a tribo das fortes sen rival
a raza das rosas altivas de corcoesto
as que cosen ropa clandestina para as fábricas
as que limpan o colexio a oficina e o despacho
as que maquillan a cara contra os puños do home

Olga Novo. *A cousa vermella,* 2004

29 de xaneiro de 2002

Querida mamá: estou aprendendo a ladrar.

une saison en enfer. repite comigo Une-Saison-En-Enfer.
trinta xeracións de meu analfabetas
Eu estou aprendendo a ladrar.
marcar un nunca territorio coa epiglote
coma un cadelo coma un can de palleiro
escadelearme ata volver en min en can entón pronuncio
Walt Walt
Walt Whitman mamá.
estou aprendendo a ladrar.
póñome de cu pró sol agárome a unha aixada e
tento imitar o son do cuco do cuco de cu pró sol entón
a miña gorxa esprémese de dor
e oulan coma nunca os futuros posibles que nos fan esbombar as veas
coma unha pota de leite na lareira.
os ollos do meu amor levan dentro
o troupeleo dos chocалlos uncontrautro uncontrautro
da novena sinfonía de Gustav Mahler
mamá.

e eu míroche prós ollos prós olliños estás tan cansa
pero eu non e aquí
é o intre da furia can
escoito con atención a campá de cris
tal dos teus soños incumpridos
coma unha escultura delicada de Brancusi
de Cons tan tín Brancusi.
unha vez e outra vez o corazón grandísimo
igual ca unha cerrota andoa o outono es ti ou ou ou loba
velaqui me tés bailando berrando choutando
unha mestra gutural un volcanciño gutural
coma Virginia Woolf coma Virginia Woolf coma Virginia Woolf.
eu míroche prás mans podería lamberche as cicatrices das mans
ata que deran luz
e curarche as hernias discais cun só verso alexandrino
cunha sílaba de centeo cru cun oh-là-là e despois despois
contar unha por unha as túas canas enraizadas nas idades do mundo
a túa lingua plantígrada mamá
podería mesmo reestructurarche a osamenta
co implante dunha canción anarquista.

ás veces sinto a dor sedimentándose
lámina
por
lámina
coma a pizarra:
é un esguince emocional chantado na caluga
e para ladrar así ás veces é preciso chorar iodo
abrir os xeonllos cunha gadaña ata ver o sol tan preto
a tres centímetros do iris
mamá
eu tiña que mamar da túa médula
asombrar o mundo cando che baixa a compaixón ás caries
e ós peitos
caídos
co cansazo.

para poder ladrar eu tería que rillar durante anos
a túa alerxia ó pó á peluxe dos chopos
a túa anemia circulando en sentido inverso polo sangue
tería que ir contigo enterrar ó teu irmán de vinteseite anos e

apretar a meixela para non tronzar a lingua
coa súa tuberculose mamaíña.
ben sei eu que para poder ladrar
tería que ir contigo á miña infancia
e verme case morrer deshidratada
e pregarlle á virxe na que non cres
que me devolvera á vida de tres meses e medio
e soldarme no teu colo para sempre
coma unha peza de ferro do teu ventre.
non penses que non sei que para poder ladrar
tería que ir contigo ás derradeiras horas
da mamá Carmiña agarrada ás catro puntas do seu pano
e ó teu bazo.

ben o sei ben sei eu todo
que para eu aprender este ladrado
á fin fixeron falla
mil mulleres lavando a reo no río de Saá
e mil arando e dúas mil cosendo e cinco mil
apañando cozas e garabullos no medio do monte e Ti
sobre todo ti plantando pinos nun serragoto inmenso
desaprendendo canto es
esfuracando as túas dúbidas.

Querida mamá: estou aprendendo a ladrar.
alguén me ve abríndome a queixada ata que a fendo e digo xa
xa ladro ou coma o can non non
coma Camille Claudel coma Camille Claudel coma Camille Claudel
coma Camille mamá no mármore
coma Camille
coma Walt Whitman Walter Benjamin vou mamá
vou deica ti
vou eu vou
outa outa Ouh...

Yolanda Castaño. *A segunda lingua.* 2014

A POESÍA É UNHA LINGUA MINORIZADA
Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu ph.

Camiña igual ca unha muller:
entre o masacre do invisible
e o campo de concentración da visibilidade.

Ladra estilo e final,
unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe
faise ouvidos xordos a si mesma,
nel as palabras amplían
o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario
ata que balbuza cousas
aparentemente inconexas.

Caixa de cambios da fala,
acenos doutra orde.
O sorriso do mosquito dentro da pedra de á.mbar

Non se trata de que non comprendas árabe.
Non entendes

poesía.

O puño e a letra, 2018

O SIGNO É O SIGNIFICADO
Ti sabes de sobra o que quere dicir unha moeda.
Unha áspera cosmogonía comezou a nacer
cando o significado espallou
o seu esperma sobre os ouveos.
Selos, escanos, o sindicato dos nomes.
Quen che dera que un xesto
fose apenas un xesto.

Xa sabes como funciona:
Alguén inventa unha palabra e o fenómeno
bótase a existir.
Adoptas un sorriso e a súa comisura
tira da correa da ledicia.
As que foron amalgamadas, metidas nun mesmo saco,
ás que taparon o rostro, onde o seu fogar?

Sabes que toda lingüística é histórica.
Unha vogal recolle en redondo
a súa melena tan ceiba ao vento.
Nesta foresta de símbolos
hai olladas que falan máis a berros ca os discursos.
Un fonema portavoz.
A boca dunha nai dicindo que
'o Google earth non é o territorio.'
Como se aquí e noutras partes
xa todo estivese feito.
Cónsules, contrato, anel.

Cada palabra, un mapa.
Un signo caracol:
A casa da súa memoria
pesándolle nas costas.
Cada -a que agachas baixo o círculo pechado.
Unha voz apoderada.

Non disimules, sábelo:
Toda cirurxía reconstrutiva é
política.
Fórmula, fiscal, retrato.
Non fagas coma quen que non.
Tíralle á vogal do trazo

e mira o planeta que vén detrás.
Quen che dese que un xesto
fose apenas un xesto.

E ti, que tanto
tes viaxado polo mundo,
acaso non viches o que vén
sendo aínda
unha muller?

Lupe Gómez. *Camuflaxe*. 2019

PRIMAVERA
Nesta época
do ano
teño medo.
Os balcóns
ábrense como putas.

GALICIA
Galicia non son
imaxes. Son
restos.